



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Telefónica condenada por conduta antisindical contra a CIG

O Tribunal Supremo rexeita o recurso de Telefónica contra a sentenza do TSXG que a condenaba por conduta antisindical

Como xa informamos no seu día, **a CIG demandou á empresa por negarlle información** relativa ás cotizacións á Seguridade Social, é unha información que tódolos traballadores teñen dereito a coñecer, mais esta empresa négase tanto a publicala nos taboleiros de anuncios como a facilitarlla a esta Sección Sindical.

Unha vez condenada no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Telefónica interpuxo recurso ante **o Tribunal Supremo**, o cal **acordou non admitir o recurso, impoñerlle as costas á recorrente e declarar a firmeza da sentenza do TSXG.**

Non ten pois máis camiños a empresa que facilitarnos a información que está obrigada a poñer á nosa disposición, ou seguir insistindo na mesma teima de dificultar ilegalmente a nosa actividade sindical.

Sabemos que o obxectivo da empresa é a liquidación do sindicalismo crítico que practica a CIG; porque estamos sempre do mesmo lado, do dos traballadores; porque nos opoñemos aos seus plans; porque queremos traballadores informados, participativos, reivindicativos; porque sabemos, e así llelo trasladamos ao persoal, que o gran obxectivo non é outro que reducir unha e outra vez os dereitos sociais e económicos dos que traballamos nesta empresa.

Se a empresa segue mantendo a súa conduta antisindical, se segue a saltarse a lei para poñer atrancos no noso traballo sindical, que non quede ningunha dúbida de que nos terá enfronte, no día a día e nos tribunais.

Súmate á CIG na defensa dos teus dereitos !!!

Defende coa CIG os teus intereses !!!

A Coruña 26 de xaneiro de 2012